

Á calor dos libros

GUÍA DE LECTURAS PARA O NADAL



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

"Ler é soñar da man doutro"
Fernando Pessoa

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé
- * Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>
Síguenos en twitter @ bibloleiros

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 2197-2014





Un ano máis, desde as bibliotecas municipais realizamos esta guía cunha selección de fondos bibliográficos de calidade literaria, artística ou científica para animar á súa lectura ou visión, pero tamén desexamos lembrar que un libro, un CD, ou un DVD son un bo agasallo.

Trátase dunha escolma de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Bos libros para ler, observar ou mirar, DVD para gozar e compartir. Témoslos nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

A clasificación que figura é:

INFANTIL E XUVENIL

- Libros para nenas e nenos **menores de 6 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 6 a 8 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 8 a 10 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 10 a 12 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 12 a 14 anos**
- Libros para **maiores de 14 anos**
- Banda deseñada
- Libros de coñecementos
- DVD
- Álbum ilustrado para compartir

MOZAS/OS E ADULTAS/OS

- Literatura
- Banda deseñada
- Libros de coñecementos
- DVD

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algún que lles guste.

LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS

Las formas

Xavier Deneux. Combel

Estupendo libro para iniciar os máis pequenos no descubrimento das formas e as cores. Círculo, rectángulo, cono, cadrado, rombo e as demais formas básicas aparecen representadas nas páxinas dereitas. Nas páxinas contrarias un obxecto ou animal encaixa nelas.



A galiña roxa

Pilar Martínez. Ilustracións de Marco Somà. Kalandraka

A galiña roxa, o can lacazán, o gato durmiñón e o pato barulleiro protagonizan este conto que nos lembra que sen traballo e afán nada poderemos acadar.



¡Hola! ¡hola!

Matthew Cordell. Juventud

A familia de Lidia ve pasar a vida a través dos seus móbiles, tablets, ordenadores... Afortunadamente a nena sabe dicir que non a todos eses trebellos e volver a gozar do mundo.



Onde está o meu zapato?

Tomi Ungerer. Kalandraka

É un barco ou un zapato? Un libro para mirar con atención, onde os obxectos non son o que parecen.



¡Otra vez!

Emily Gravett. Picarona

Cedric, o pequeno dragón, non quere durmir: so quere oír o seu conto favorito unha e outra vez.



Ser amigos

Arianna Papini. Kalandraka

Precioso álbum que utiliza a letra maiúscula e maravillosas ilustracións de animais para explicar de xeito sinxelo a maxia da amizade: por que non han de poder xogar xuntos peixes e gatos, ou ratos e elefantes?



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS

O Apalpador e a castaña máxica

Xoán G. Biblos Clube de Lectores

Todos os anos polo Nadal volve a figura mítica do Apalpador para repartir agasallos entre as nenas e os nenos. Axudado polos/as desinteresados/as apañacastañas deixarán xoguetes e unha presa deste rico froito de outono a cada cativo/a.



Cuentos para preparar la Navidad: un libro-calendario de Adviento

Béatrice Garel. Ilustracións de Thomas Baas. SM

Un conto protagonizado por animais (esquíños, osiños, crocodilos, tartarugas, lebres...) que vai desde o primeiro de decembro ata o día de Noiteboa. Contén un abeto para montar e decorar cos agasallos que leva cada animal.



La filarmónica se viste

Karla Kuskin ; ilustracións Marc Simont. Corimbo

Inxenioso álbum que nos mostra como se preparan para ir traballar os membros dunha orquestra.



Os sete irmáns chineses

Rodolfo Castro. Ilustracións de André da Loba. OQO

Todos se chaman Li, mais ningún é igual ao outro. Cada un ten algo que o diferencia do resto e o fai especial. Xuntos poden ser moi poderosos. Aínda máis que calquera emperador...



Teléfono descompuesto

Ilan Brenman. Ilustracións de Renato Moriconi. Fondo de Cultura Económica

Álbum sen texto, xa que realmente non o precisa. Ilustracións de gran tamaño que amosan unha chea de personaxes que se comunican entre si a través do "teléfono avariado". Bótalle imaxinación e conta a túa propia historia.



LIBROS PARA NEÑAS E NEÑOS DE 8 A 10 ANOS

O castelo do asombro

Ramón Caride Ogando. Ilustracións de Dani Padrón. Tambre

“Había unha vez, hai moito, moito tempo, dous irmáns xemelgos, idénticos en todo”. Así comeza esta historia chea de aventuras na que non faltan príncipes, castelos, cabaleiros..., unha historia das de sempre e para sempre.



Diario secreto de Pulgarcito

Philippe Lechermeier. Ilustracións de Rébecca Dautremer. Edelvives

Neste peculiar diario, o propio Polgariño vai nos contar como se desenvolve a súa vida, os seus secretos, medos, impresións, nunha sucesión de vicisitudes con sorpresas a cada paso. A edición e o coidado gráfico é sinxelamente encantador.



O furtador de auga

Xosé Lois García. Ilustracións de María Lires. Everest Galicia
A auga é vida e iso sábeno ben na aldea de Cotarelo. Funcionan os muíños, as árbores medran, os paxaros teñen o seu acubillo... Ata que a cobiza dun egoísta sen escrúpulos pode cambiar todo de vez.



Swinging Christmas

Benjamin Lacombe. Edelvives

Un conto de Nadal diferente, especial, por moitas razóns: unha tenra historia de amizade e amor, ilustracións espléndidas e un CD de música de jazz para saborear.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS

Arlindo Yip

Daniel Nesquens. Ilustracións de Alba Marina Rivera. Bambú

O protagonista desta historia é un carteiro cunha vida aparentemente anódina. Ten o privilexio de atopar calquera paquete perdido, e ademais coñece un montón de persoas que nos van poñer en contacto con moitas aventuras interesantes e divertidas.



Escarlatina, a cociñeira defunta

Ledicia Costas. Ilustracións Víctor Rivas. Xerais Premio Merlín de Literatura Infantil 2014

Un neno pide un curso de cociña, de agasallo polo seu décimo aniversario, pero, en vez diso, recibe un cadaleito acompañado dun sobre negro, no que figuran as instrucións para activar a Escarlatina, unha cociñeira falecida no século XIX.



Formig4s: misión París

Pere Tobaruela. Ilustracións de Andrés Meixide. Xerais

A primeira entrega desta brigada especial integrada por catro formigas, desenvólvese en París. Na capital francesa as Formig4s deberán enfrontarse ao misterioso caso dun crime sen cadáver relacionado co cadro *A Liberdade guiando ao pobo*, de Delacroix.



Historia da bicicleta dun home lagarto

Fina Casalderrey. Ilustracións Laura Súa Campo. Xerais

Fermosa e emotiva obra que fala de Mundo, un neno duns 7 ou 8 anos, que vive en Albarracín, na época da Guerra Civil, coa que a autora quere expresar que a mellor opción ante unha guerra é evitala.



La increíble historia de... El chico del millón

David Walliams. Ilustracións de Tony Ross. Montena

Din que Walliams podería ser o sucesor de Roald Dahl. O seu seguidor, desde logo. Grandes doses de humor percorren esta narración na que un neno de doce anos ten todos os cartos do mundo pero fáltalle o esencial.



O recendo das clementinas

An Alfaya. Ilustracións de Laura Catalán. Tambre

Abril é unha rapaza que se muda cos seus pais a un barrio novo sen coñecer moi ben as razóns deste cambio. As dúbidas que ocasiona esta incerteza e a descuberta dunha foto vai encher de reparos e desconfianza a súa relación con eles.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 12 A 14 ANOS

Canción de Nadal

Charles Dickens. Ilustracións de Rosa Fuentes. Cumio

Non é unha edición máis desta obra xa clásica. Nesta adaptación da obra de Dickens, trasládase ao señor Scrooge ao século XXI, e onde o autor inglés criticaba a sociedade industrializada do século XIX, esta versión presenta algunhas das graves cuestións do noso mundo: consumismo, intolerancia, inmigración, etc.



La liga de los pelirrojos

Arthur Conan Doyle. Tradución de J. M. Ibea. Ilustracións de Iban Barrenetxea. Anaya

É este un dos 56 relatos curtos sobre Sherlock Holmes escrito por Conan Doyle. Extraordinariamente ilustrado por Barrenetxea, o detective londinense resolverá o caso da desaparición da Liga dos roibos, unha estraña sociedade constituída por homes maiores de vinte e un anos, con esta "curiosidade capilar". Esta singular asociación serve para agochar outros intereses...



Miguel Strogoff

Jules Verne. Tradución de Ánxela Gracián. Ilustracións de Carlos Silvar. Baía


Estupenda adaptación ao galego deste clásico da literatura universal. O correo do tsar Miguel Strogoff ha de loitar contra unha natureza hostil e contra o exército tártaro para entregar a súa misiva ao Gran Duque. Aventuras e emoción en estado puro.



La pálida luz de las tinieblas

Erik L'Homme. Edelvives

Primeiro volume da saga "La Asociación". Protagonizada por axentes secretos, mesturan maxia, fantasía, homes lobo, vampiros e outras criaturas sobrenaturais. Esta aventura protagonízaa Jasper, un mozo de 15 anos que ten que desmantelar unha rede de vampiros dedicados ao tráfico de drogas.



LIBROS PARA MAIORES DE 14 ANOS

O Gran Reino

Eduardo Santiago. Xerais

Esta novela, merecente do Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2014, presenta a Gala, unha rapaza de catorce anos que sobresae nos estudos e posúe unha potente imaxinación. É quen de crear un mundo fantástico, o reino de Margonia, que a afastará dunha realidade marcada pola anorexia e a falta de afecto dos seus pais.



El héroe perdido

Rick Riordan. Montena

Primeira parte da saga "Los héroes del Olimpo". Despois da serie "Percy Jackson y los héroes del Olimpo", Riordan narra as aventuras dos novos semideuses e seres mitolóxicos que viven no noso mundo e pasan desapercibidos para a maioría de nós. Mitoloxía, aventuras e amor nas doses exactas.



Leal

Veronica Roth. RBA

Terceiro e último libro da saga "Divergente". Esta novela dános a conclusión da serie e desvela os secretos desta distopía. Tris divisa un futuro máis desacougante que o que deixou atrás. Novas realidades fan cambiar de opinión os seus seres queridos. Unha vez máis, a protagonista terá que loitar para comprender o complexo da natureza humana...



Nubes de evolución

Andrea Maceiras. Xerais

Amanda, Uxío e Luís conforman un triángulo de relacións: unha pintada na estación de autobuses cunha frase da canción Angie dos Rolling Stones, que se pregunta cando desaparecerán as nubes, fará que os tres atopen os seus denominadores comúns.



BANDA DESEÑADA INFANTIL E XUVENIL

Barbosa el pirata y las islas de las plumas

Jorge González. Ediciones Bang

Unha gaivota róuballe o sombreiro ao capitán Barbosa!
un cómic para os máis pequenos que aínda non saben ler.



Marcopola, a illa remeira

Jacobo Fernández Serrano. Xerais

Unha illa aburrida no medio do océano convértese en
Marcopola e vive maravillosas aventuras acompañada do
seu amigo Libro.




LIBROS DE COÑECEMENTOS INFANTÍS E XUVENÍS

Manualidades para niños

Martha Stewart. Juventud

150 traballos manuais realizados con obxectos reciclados e materiais sinxelos, con todos os pasos a seguir. Os nenos e nenas gozarán creando xoguetes, regalos e pequenos experimentos.



Mi atlas Larousse del cuerpo humano

Benoît Delalandre. Ilustracións de Benjamín Chaud e Jérémy Clapin. Larousse

Libro que explica, con ilustracións a toda cor e láminas despregables, as funcións do corpo humano. Ao final vén un póster con todas as partes do corpo.



La Tierra y el Universo: respuestas rápidas para preguntas ingeniosas

Isabel Giménez Molina. Ilustracións de Francisco Javier Rojas García. Larousse

Respostas ás preguntas máis comúns das nenas e dos nenos sobre a Terra e o Universo con ilustracións moi adecuadas para a súa idade.



Yo quiero ser chef: cocinas del mundo

Editorial Juventud

Receitas de todo o mundo, doadas de facer para toda a familia.

O libro está dividido en varios tipos de receitas: almorzos, pratos lixeiros, pratos únicos... para rematar con algo doce.



DVD INFANTIL E XUVENIL

Futbolín

Dirixida por Juan José Campanella. Animación.

Universal Pictures

Quen lle ía dicir a Amadeo que tería que verse nun partido de fútbol co seu acérrimo inimigo da infancia! Anos despois, "O crack" como agora lle chaman, espéranos no terreo de xogo para vingar aquela afronta, a súa única derrota no vello fútbol da súa infancia. Pero Amadeo non está só, os seus amigos de chumbo tomarán vida e axudaránlle a levar a bo porto o desafío.



El ilusionista

Dirixida por Sylvain Chomet. Animación.

Sherlock Home Vídeo

O vello mago séntese confundido, o seu mundo afúndese ao ver que en París a xente xa non vai ver os seus espectáculos. Triste pero determinado, vese obrigado a viaxar en busca de mellor sorte. Será noutro país, máis ao norte onde coñecerá a Alice, unha nena convencida que o mundo da maxia e a ilusión é o verdadeiro, e non o que lle mostran por televisión.





Número 9

Dirixida por Shane Acker. Animación.

Universal Pictures

O diminuto e fráxil número 9 esperta nun mundo arrasado pola guerra, un mundo no que as máquinas se alzan contra a raza humana e no que enfrontarse a elas para sobrevivir é tarefa esencial. Nove bonecos de trapo creados polo inventor da poderosa e temible Gran Máquina, xúntanse para poñer en marcha un plan que libre a ese mundo abatido pola tiranía mecánica. Producida por Tim Burton e dirixida maiormente ás nenas e nenos maiores de 12 anos.



La tropa de trapo: el país donde siempre brilla el sol

Dirixida por Alex Coll. Animación.

Cameo Media

Mumu quere ser unha estrela, unha vaca como ela non está para perder o tempo cos seus amigos de trapo cheos de desgastadas cores e teas estampadas. O seu mundo é o glamour e está disposta a todo para ser nívea como as súas admiradas ovellas e así poder triunfar no País Onde Sempre Brilla o Sol. Con guiñón da escritora ferrolá Lola Béccaria, esta historia está especialmente dirixida a nenas e nenos entre 3 e 7 anos.



ÁLBUM ILUSTRADO PARA COMPARTIR

Fede diferente

Miriam Koch. Corimbo

Non é doado encaixar!



Max Ernst, el hombre pájaro

Daniela Iride Murgia. Fondo de Cultura Económica

Unha historia que ten como protagonista ao xenial artista Max Ernst.



La piscina

Ji Hyeon Lee. Barbara Fiore Editora

Mergúllate neste álbum e atopa unha boa compañía.



La zapatilla roja

Karin Grub. Lóquez

Unha ollada a outras realidades que nos rodean e que non queremos ver. . .



LITERATURA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

Así empieza lo malo

Javier Marías. *Alfaguara*

As desventuras dun matrimonio coa Transición como escenario.

Cartas de cumpleaños

Ted Hughes. *Lumen*

Colección de poemas que Ted Hughes dedica a que fora a súa primeira muller, Sylvia Plath.

Dende o conflito

María Reimóndez. *Xerais*

Premio Xerais de novela 2014

Novela protagonizada por unha xornalista que cubre conflitos bélicos.

Días de Nevada

Bernardo Atxaga. *Alfaguara*

Combina o relato da súa experiencia en Nevada con recordos do seu pasado.

La hierba de las noches

Patrick Modiano. *Anagrama*

O relato dun home na procura do seu pasado.

Nueva York después de muerto

Antonio Hernández. *Calambur*

Lorca e Luis Rosales son os protagonistas deste poemario que levou o Premio Nacional de Poesía 2014.

Somnábulos

Suso de Toro. *Xerais*

Tres relatos curtos que teñen como factor común o pasado, a memoria.

Stoner



John Williams. *Baile del Sol*

Vida dun anódino profesor universitario.

A vinganza do defunto

Carlos G. Reigosa. *Xerais*

Un novo caso para o detective Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde.



BANDA DESEÑADA PARA MOZAS E ADULTAS/OS

Bakuman

Tsugumi Ohba, Takeshi Obata. Norma

Moritaka e Takagi son dous adolescentes que soñan con facer realidade o seu soño: debuxar e publicar un cómic manga.



Blacksad: amarillo

Juan Díaz Canales. Norma

O novo Premio Nacional do Cómic entréganos outra apaixonante aventura do detective John Blacksad.



Catálogo oneroso de beleza gratuíta

Fran Bueno. Deputación da Coruña

Premio Castelao de Cómic

"Párate e mira as flores. . . son gratis". Inxección de optimismo nesta colección de imaxes do día a día.



Corto Maltés

Hugo Pratt. Norma

La Balada del mar Salado, La casa dorada de Samarcanda. . . unha completa colección que reedita a obra do clásico do cómic de aventuras Corto Maltés.



LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

Cómo aprender a estudiar

Ebee León Gross. Libsa

Técnicas de estudo para unha aprendizaxe eficaz que vai desde a planificación, horario e tempo para dedicarle a cada materia ata a potenciación da memoria, concentración...



Decorar pasteles: guía creativa con más de 150 técnicas y 80 trabajos fascinantes

Lindy Smith. Juventud

Crear todo tipo de pasteis, galletas... adornadas para celebracións. Máis de 150 técnicas e numerosas fotografías a toda cor.



El huerto familiar ecológico: la gran guía práctica del cultivo natural

Mariano Bueno. RBA

Consellos para cultivar un orto ecolóxico colaborando coa natureza e aproveitando residuos orgánicos das nosas casas. Conseguir unha alimentación equilibrada, sen insecticidas nin substancias tóxicas.



Mis recetas anticáncer: alimentación y vida anticáncer

Odile Fernández Martínez. Urano

Recetas achegadas pola autora, doutora que sufriu esta enfermidade e a superou. Alimentos que favorecen a proliferación de células malignas e, pola contra, os que as prevenen.



Primeros auxilios emocionales: consejos prácticos para tratar el fracaso, el rechazo, la culpa y otros problemas psicológicos cotidianos

Guy Winch. Paidós

Consellos para superar problemas emocionais cotiáns que mellorarán a nosa autoestima. O autor presenta, a través de exemplos reais, consellos para superar traumas e vivir con máis confianza nun mesmo.



Recetas por 5 €

Marta Yanci. El País Aguilar

Recetas achegadas por esta cociñeira para o "Canal cocina". Son receitas para tempos de crise cun orzamento limitado.



DVD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

Antes del anoecer

Dirixida por Richard Linklater. Protagonizada por Ethan Hawke e Julie Delpy.

A Contracorriente Films

Remate da triloxía romántica "Before" na que se achega ao estado final da evolución da relación da parella protagonista. Unha vez desaparecida a espontaneidade, ambos tratan de enfrontarse á inevitable aparición de dúas personalidades nas que os límites xa están plenamente diferenciados. A dura proba estará en facelo desde o respecto e a aprendizaxe. Unha viaxe a Grecia, un reencontro e múltiples reflexións para que o amor ferido saia adiante.



Un asunto real

Dirixida por Nikolaj Arcel. Protagonizada por Mads Mikkelsen, Alicia Vikander e Mikkel Boe Følsgaard. Cameo Media

Intriga romántica e política ambientada na Corte de El-Rei Christian VII de Dinamarca, aínda estado bastión do modelo feudal e no que a duras penas tratan de abrirse camiño os ventos ilustrados en pleno século XVIII. O médico persoal do rei, defensor do movemento ilustrado converterase en amante da muller do monarca, unha moza instruída pero atrapada nun entorno abafante que a mantén sumida na apatía e na amargura.





El lobo de Wall Street

Dirixida por Martin Scorsese. Protagonizada por Leonardo DiCaprio, Jonah Hill, Margot Robbie e Matthew McConaughey. Universal Pictures

Enésima versión corrosiva do soño americano a cargo de Martin Scorsese, esta vez retratando a ascensión e caída dun corredor de Bolsa que amasou cantidades inxentes de diñeiro a costa de manipulacións no mercado de valores, lavado de activos e outros delitos financeiros. Scorsese retrata o exceso pero sobre todo as enerxías asociadas a este: a ambición, o diñeiro, o sexo e as drogas, nunha espiral eufórica, desatada e sedutora na que as tentacións abundaban e o temor á lei resultaba irrelevante.



Nebraska

Dirixida por Alexander Payne. Protagonizada por Bruce Dern, Will Forte e June Squibb. Paramount Home Entertainment

Woody Grant é un ancián alcohólico con síntomas de demencia que decide trasladarse a Montana a cobrar un premio dun millón de dólares que o seu fillo sabe que é unha estafa. Cunha posta en escena clásica e unha fotografía en branco e negro dunha árida Norteamérica rural, asistimos ao retrato da vellez sen concesións dun home que perdeu o rumbo, pero que baixo o seu talante quixotesco, esconde unha vida practicamente descoñecida para o seu fillo.



Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @bibloleiros



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>